

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO  
(BUGALLIDO). POS ADICIONAL 1/2017.**

Na Casa do Concello de Ames a 4 de setembro de 2018

**REÚNENSE:**

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria accidental do Concello, D<sup>a</sup> Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de agosto de 2018.

Doutra parte, D<sup>a</sup>. María José Viña Darriba, con DNI nº 32827655-P, na representación de GR Construcciones, Obras y Servicios SLU, con CIF B-70262829 e domicilio na rúa Canedo-Beira, nº. 56 do Concello de Carral (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "pavimentación viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)", e ó obxecto establecen as seguintes

**CLÁUSULAS:**

1<sup>a</sup>.- O Concello de Ames adxudica a **GR Construcciones, Obras y Servicios SLU** a realización das obras comprendidas no proxecto de "pavimentación viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)" no prezo de  *vinte e nove mil seiscientos vinte e tres euros con vinte e tres céntimos (29.632,23.- euros)* máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende á contía de  *seis mil douscentos vinte e dous con setenta e sete céntimos (6.222,77.- euros)*, de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2<sup>a</sup>.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3<sup>a</sup>.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4<sup>a</sup>.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5<sup>a</sup>.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **1.481,61 €**, mediante ingreso en metálico, na conta do Concello de Ames de Abanca Corporación Bancaria SA ES76 2080 0317 7031 1000 0116, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6<sup>a</sup>.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asinano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-



A SECRETARIA ACCIDENTAL,-



GR  
CONSTRUCCIONES  
OBRAS Y SERVICIOS  
CIF.: B-70262829

O CONTRATISTA,-



MARÍA JOSÉ  
VILAS